



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO-ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2025

REUNIDOS

Por unha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (en virtude do nomeamento efectuado polo decreto 44/2024, do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E por outra, Esther Pérez Pérez, presidenta da Associação Recreio dos Ancios para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro, Brasil, segundo consta na acta de eleccións da entidade do 30 de marzo de 2024, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Segundo.- O artigo 49 do decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

Terceiro.- De acordo co citado decreto 147/2024, do 20 de maio, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes á mellora da calidade de vida das persoas galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír á conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

Cuarto.- En Río de Janeiro, Brasil, reside un número importante de persoas de orixe galega da que forma parte un colectivo de persoas que, por razóns de idade, saúde e/ou circunstancias familiares, están a sufrir un deterioro do seu nivel de vida que vese agravado pola falta de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.



Quinto.- A Associação Recreio dos Ancaios para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro, fundada en 1940 por persoas emigrantes galegas, é unha entidade benéfica sen ánimo de lucro que ten como finalidade acoller, temporal ou permanentemente, a persoas maiores de xeito gratuito, dando prioridade ás persoas galegas e españolas necesitadas. Esta asociación está rexistrada como centro colaborador da galegitude no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración.

A entidade é un dos referentes da atención socio-sanitaria e de asistencia ás persoas de idade avanzada en Río de Janeiro e a súa contorna. Nas súas instalacións, que contan con 250 habitacións, teatro, capela, biblioteca e unha ampla área de lecer, leva a cabo unha asistencia integral ás persoas acollidas. Esta asistencia inclúe alimentación, vestiario, servizos médicos, fisioterapia, terapia ocupacional ou actividades culturais, aspectos todos fundamentais para a mellora do benestar social, emocional e psicolóxico das persoas acollidas.

Sexto.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración estima que é necesario colaborar coa Associação Recreio dos Ancaios para prestar asistencia á colectividade galega residente en Río de Janeiro e na súa área xeográfica que presenta problemas derivados da súa idade e/ou circunstancias socio-familiares.

Sétimo.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade, única destas características en Río de Janeiro, é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrència pública, segundo o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación baséase en razóns de carácter social e humanitario, na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Río de Janeiro que presentan problemas derivados da súa idade e/ou circunstancias socio familiares.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan este convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para a prestación de asistencia á cidadanía de orixe galega que reside na asociación por razóns de carencia ou de dependencia e que non pode afrontar o custo da súa estancia.

Segunda.- Persoas beneficiarias

Serán beneficiarias deste convenio as persoas de orixe galega e a súa descendencia ata segundo grao, con nacionalidade española e residentes en Río de Janeiro (Brasil), que, por razóns de idade e/ou situación de carencia, residan na Associação Recreio dos Ancaios.

Terceira.- Obrigas das partes

1.- A Associação Recreio dos Ancaios comprométese a:

- Manter as instalacións e o equipamento da residencia, así como dotala de persoal especializado e do material consumible necesario para o seu correcto funcionamento.

- Promover o benestar das persoas beneficiarias de orixe galega acollidas na entidade, favorecendo a súa integración, participación e relación co medio social; prestándolles servizos de vivenda, alimentación, hixiene persoal, asistencia médica, enfermería, talleres recreativos de estimulación cognitiva, asistencia social e animación socio-cultural, entre outros.

- Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.

- Comunicar de forma inmediata ao órgano concedente a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Remitir á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.

- Colaborar e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar a condición de entidade subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en toda clase de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, así como os seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.



- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula cuarta, condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

Cuarta.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de vinte mil euros (20.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Quinta.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data límite de xustificación establecida na cláusula oitava, de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencions.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá, en ningún caso, ser superior ao valor de mercado.

En ningunha circunstancia se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Sexta.- Compatibilidade

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai subvencionar.

Sétima.- Pagamento anticipado

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de catorce mil seiscientos euros (14.600 €), atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se concedeu a axuda.



Por outra parte, á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade, sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituír garantía.

Oitava.- Xustificación e pagamento final

A data limite para presentar a documentación xustificativa será o 15 de outubro de 2025.

A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar diante desta consellería, con carácter previo ao pagamento final da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A tal fin, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do convenio, asinada pola persoa representante legal da entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada pola representante legal da entidade, na que se fará constar os obxectivos acadados, o orzamento total do funcionamento e o número de persoas atendidas.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación da empresa/entidade emisora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Copia dos documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación. Todos os documentos orixinais de gasto deben conter o seguinte estampillado con anterioridade á realización da copia: Importe imputado ao convenio de colaboración asinado coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia de forma total parcial. Importe que se imputa ao convenio (en caso de imputación parcial): €.

Os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas, ou no seu caso, con copia dos contratos de traballo e follas de salario asinadas pola persoa traballadora, onde quede plenamente identificada a función e o período de traballo realizado, e xustificantes de pagamento dos gastos sociais derivados.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.



Os pagamentos en efectivo poderán ser admitidos nos casos debidamente xustificadas por razóns xeográficas ou doutra índole, que serán acreditadas mediante declaración responsable da representante legal da entidade. Neste caso, a factura deberá estar asinada ou selada pola empresa ou entidade emisora e, ademais, deberá conter un selo que deixe constancia do devandito pagamento ("pagado", "cancelado", "en efectivo"...).

Excepcionalmente, se non puidese haber outra forma de xustificación, previa declaración responsable deste extremo pola representante legal da entidade, admitiranse recibos como documentos xustificativos dos gastos.

- De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración responsable na que se indique o lugar no que están depositados os orixinais dos documentos xustificativos dos gastos e do seu pagamento así como o compromiso de presentalos cando sexa requirido polo órgano xestor.

- De ser o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

Relación das persoas atendidas pola Associação Recreio dos Anciaos de Río de Janeiro con cargo a este convenio. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe destas persoas e o período de estadía.

Antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificar o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

Novena.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se deba minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se fose o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outra deficiencia considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se fose o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

Décima.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Tales modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Décimo primeira.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
- c. O acordo unánime de todas as partes asinantes
- d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e. A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
- f. Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas; dúas de parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración designadas pola Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade beneficiaria.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

Con todo, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida.

Décimo terceira.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou con calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Para a execución deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

Décimo cuarta.- Autorización, publicación e rexistro do convenio

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 14,9 do 3 de agosto).

Comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común

das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2025, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Décimo sétima.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración



José González Vázquez

A presidenta da Asociación Recreio dos Anciaos

Esther Pérez Pérez

Esther Perez Perez
Presidenta